

Nome _____

Data _____

O método Braille

Ata o século XVI críase que as persoas invidentes non podían aprender. Entón ideouse un sistema baseado no uso de letras en relevo; pero sen escolas onde ensinalo, non serviu de moito. Ademais, resultaba moi complicado. En 1825 Louis Braille creou o seu propio método: o sistema Braille. O seu uso fíxose internacional en 1878. Sabes en que consiste este sistema?

Se imaxinas que unha folia de papel ten debuxadas tres columnas e dúas filas, formando unha táboa, e dispós de seis puntos, verás que hai moitos xeitos posibles de colocalos en cada cela ou «cadradiño». Pois ben, para representar cada letra, número, signo de puntuación e símbolo matemático, os puntos en relevo colócanse de diferente forma.

Para ler, colócanse os dedos índice de cada man sobre o texto. Co dedo índice da man esquerda lese a liña desde do extremo esquerdo ao centro, e co dedo índice da man dereita, da metade da liña ata o final. Cando comeza a traballar o índice dereito, o esquerdo xa está ao principio da liña seguinte; así, a lectura é continua.

Para escribir, pódese utilizar un papel e un punzón ou ben un teclado adaptado.

**1**

O sistema Braille baseouse nun método creado tres anos antes por Nicolas Barbier. Nel existían distintas combinacións de doce puntos en relevo que se lían mediante un dedo.

- Que diferenzas encontras entre o sistema de Barbier e o de Braille?

- Que significa que as letras están «en relevo»? Que pasaría se non fose así?

- Que vantaxe supón ler con dous dedos fronte a facelo cun só?

2

Os órganos dos sentidos son fundamentais na función de relación.

Sinala cales destes órganos se tratan no texto.

☐ Vista

☐ Oído

☐ Tacto

☐ Gusto

☐ Olfacto

- 3** Tanto Barbier coma Braille sufrían de cegueira. A cegueira é a incapacidade de ver, que é permanente nas persoas cegas ou invidentes.

Tendo en conta como se produce a visión, que órganos poderían estar danados nestas persoas?

- 4** Os órganos dos sentidos posúen uns receptores que captan a información de todo o que ocorre no noso medio. Pero que estímulo do exterior é fundamental para o sistema Braille?

Sinala o estímulo que percibe a pel na lectura en Braille.

☐

Forma

☐

Frío

☐

Presión

☐

Textura

☐

Calor

- 5** Cando xogamos, estudamos, nos entretemos ou nos comunicamos, en moitos momentos temos que ler. Por este motivo o sistema Braille estase adaptando a estas novas necesidades, como xa se fixo ao desenvolver teclados de ordenador para invidentes.

Escrebe unha pequena redacción sobre as posibles aplicacións do sistema Braille.

- 6** Desde a invención do sistema Braille ideáronse distintas formas de facilitar ás persoas invidentes a comunicación co medio.

Pon algúns exemplos de como se fixo. Podes axudarte do debuxo.

